

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE



IES DA ILLA DE AROUSA

Data de revisión: 28/06/2024

ÍNDICE

| | |
|--|----|
| 1. Xustificación baseada no contexto..... | 3 |
| 1.1. Marco legal..... | 3 |
| 1.2. Características do centro e a súa contorna..... | 3 |
| 2. Identificación e valoración das necesidades..... | 4 |
| 2.1. A nivel de centro..... | 4 |
| 2.2. A nivel de aula..... | 4 |
| 2.3. A nivel individual do alumnado..... | 5 |
| 2.4. Principais necesidades atopadas..... | 5 |
| 3. Determinación dos obxectivos..... | 6 |
| 4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade..... | 7 |
| 4.1. Medidas ordinarias de atención á diversidade..... | 7 |
| 4.2. Medidas extraordinarias de atención á diversidade..... | 9 |
| 5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas..... | 11 |
| 5.1. Medidas ordinarias..... | 11 |
| 5.2. Medidas extraordinarias..... | 14 |
| 5.3. Recursos materiais e espazos do centro..... | 15 |
| 6. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro..... | 16 |
| 7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición..... | 18 |
| 7.1. Coordinación e colaboración internas..... | 18 |
| 7.2. Coordinación con centros adscritos e de adscrición..... | 18 |
| 8. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro..... | 19 |
| 8.1. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais..... | 19 |
| 8.2. Canles de colaboración con servizo externos ao centro..... | 20 |
| 9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias..... | 21 |
| 10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan..... | 21 |

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

1.1. MARCO LEGAL

Este plan Xeral de Atención á Diversidade realízase dentro dos parámetros establecidos na Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Ley Orgánica 2/2006, do 3 de maio de Educación, onde se recolle que o sistema educativo rexerese polo principio de equidade.

Para garantir a igualdade de oportunidades, a inclusión e a non discriminación é preciso responder ás necesidades do alumnado do centro. As medidas de atención á diversidade recollidas neste documento están sustentadas polo Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Do mesmo xeito, fundamentamos as decisións e procedementos en base Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto anterior.

Tamén se terán en conta todos os protocolos publicados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Para poder realizar este Plan de Atención á Diversidade, precisamos coñecer as características do centro e o seu alumnado.

1.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E A SÚA CONTORNA.

O noso centro está situado na Illa de Arousa, un concello de aproximadamente 5.000 habitantes e 7 km² de superficie. O principal motor da economía da zona é a pesca e o marisqueo, gañando cada vez máis importancia o turismo.

O IES da Illa de Arousa é un centro público que oferta a etapa da Educación Secundaria Obrigatoria de dúas liñas. Sempre que é posible, e se hai profesorado suficiente, procúrase manter o grupo de PDC e desdobrar grupos nalgunhas materias para una mellor atención ao alumnado.

Contamos con seguintes recursos persoais:

- Xefa do Departamento de Orientación con praza definitiva no centro.
- Unha especialista de Pedagogía Terapéutica con praza definitiva no centro.
- Profesorado en plantilla (cupo de 20). Cando teñen dispoñibilidade horaria, realizan apoios nos grupos nos que é necesario.

- Profesorado de reforzo de programas subvencionados polo Fondo Social Europeo e outros programas ofrecidos pola Consellería de Educación (depende das convocatorias).

O centro adscrito ao noso instituto é o CEIP Torre-Illa, o único centro de educación infantil e primaria no pobo. O instituto está á súa vez adscrito ao IES A Basella (Vilanova de Arousa) para cursar Bacharelato.

Entre o noso alumnado atopamos moita variabilidade en canto a recursos económicos, estruturas familiares, capacidades e ritmos de aprendizaxe. As Necesidades Específicas de Apoio Educativo con máis presenza no noso centro son as relacionadas con TDAH e Dificultades Específicas de Aprendizaxe, aínda que tamén temos alumnado dentro do espectro autista.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

A continuación describiranse cales son os mecanismos de detección de necesidades nos diferentes niveis:

2.1. A NIVEL DE CENTRO.

| Mecanismo | Obxectivo |
|---|--|
| Revisión da documentación do centro (PE, PXA, memoria de centro, memoria do DO...). | Consultar mecanismos de atención á diversidade Recibir información do DO sobre as necesidades do alumnado. |
| Observación directa do centro e as súas características | Organizar recursos humanos, materiais e espazos |
| Reunións co CEIP adscrito | Coñecer ao futuro alumnado e as súas necesidades |
| Reunións co profesorado (reunións informais, avaliación inicial, e trimestrais) | Informar sobre as necesidades coñecidas. Detectar necesidades para adoptar Medidas de Atención á Diversidade (MAD). |
| Valoración de resultados académicos, e análise da convivencia no claustro e no Consello escolar | Coñecer a evolución do alumnado ao longo do curso para axustar a resposta educativa. |

2.2. A NIVEL DE AULA

| Mecanismo | Obxectivo |
|---|---|
| Avaliación inicial | Saber o punto de partida do grupo |
| Avaliacións trimestrais, reunións de titores/as con Xefa de Orientación | Coñecer as interaccións, dinámicas e evolución dos grupos |
| Titorías co alumnado | Coñecer as inquedanzas do alumnado |

2.3. A NIVEL INDIVIDUAL DO ALUMNADO

| Mecanismo | Obxectivo |
|--|--|
| Observación directa na aula do profesorado | Detectar necesidades individuais |
| Avaliación inicial | Saber os coñecementos previos |
| Avaliacións trimestrais, reunións de titores/as con Xefa de Orientación, e outras reunións do equipo docente | Poñer en común as necesidades detectadas a nivel curricular, relacional e comportamental para proporcionar unha resposta axeitada. |
| Titorías coas familias | Coñecer a o punto de vista das familias e intercambiar percepcións para traballar na mesma dirección. |
| Avaliación psicopedagóxica | Detectar necesidades educativas |

2.4. PRINCIPAIS NECESIDADES ATOPADAS

- Colaboración e soporte de axentes externos.
- Aumento de alumnado con NEAE.
- Aumento de alumnado repetidor e con materias pendentas.

- Aumento dos trastornos socioemocionais no alumnado.
- Maior demanda das familias de intervencións desde o IES respecto á apertura de diferentes protocolos.
- Necesidade de recursos persoais para a atención da alta demanda de alumnado con NEAE e a apertura de diferentes protocolos.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

O obxectivo xeral desta planificación é dar resposta á diversidade do alumnado do IES da Illa de Arousa, a través de distintas medidas que respondan as súas necesidades individuais e contribuír así á consecución das competencias clave e obxectivos da etapa.

Para conseguilo, este documento plantexa os seguintes obxectivos específicos:

- Servir de referente para realizar a concreción anual do PXAD.
- Facilitar a transición entre etapas mediante unha adecuada coordinación inter centros.
- Identificar as necesidades educativas do alumnado.
- Optimizar os recursos do centro para articular medidas de atención á diversidade e evitar que aumenten as necesidades.
- Articular as distintas medidas ordinarias e extraordinarias, plans e actuacións de atención á diversidade para adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais do alumnado.
- Garantir a adecuada atención ao alumnado que presenta necesidades específica de apoio educativo.
- Sistematizar o seguimento dos protocolos que sexan precisos.
- Fomentar a participación e coordinación dos equipos docentes na adopción de medidas.
- Establecer procedementos de comunicación adecuados para garantir a información e participación das familias do alumnado.
- Coordinar actuacións e establecer canles de comunicación co centro adscrito e outros servizos externos ao IES.
- Avaliar a eficacia da atención á diversidade ao finalizar cada curso escolar e ofrecer propostas de mellora.
- Sensibilizar ao alumnado no respecto á diversidade e de forma concreta no respecto a aqueles alumnos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.

4. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011, as medidas de atención á diversidade divídense en ordinarias e extraordinarias:

4.1. MEDIDAS ORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Aquelas que facilitan a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

| MEDIDA ORDINARIA | APLICACIÓN NO CENTRO |
|--|--|
| Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado | -Aulas de reforzo e desdobres. -Horario de reforzos de profesorado con dispoñibilidade. -Agrupamento do alumnado. -Desdoblamento de grupos. -Ubicación do alumnado na aula en función das necesidades. |
| Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno | -Programacións didácticas. |
| Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión | -Programacións didácticas (guiadas polo Proxecto educativo) |
| Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación | Reflectidas nos documentos de reforzo educativo e nas programacións didácticas de xeito xenérico. (consultados os protocolos da consellería) |
| Aulas de atención educativa e convivencia | Non contamos con aula de convivencia. O alumnado que require desta atención estará co profesorado de garda ou cun membro do equipo directivo. A Subcomisión de Convivencia do IES, |

| | |
|--|--|
| | da que forma parte a xefatura do D.O., preocúpase da adecuada resposta a este alumnado. |
| Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria | <p>-Reforzo educativo individualizado adaptando o proceso de ensino-aprendizaxe en cada materia por cada profesor/a que o estime oportuno.</p> <p>-Documento no que se describen os reforzos.</p> <p>-Apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria nos grupos e materias nos que se precise (priorizando que sexan dun ámbito afín).</p> <p>-Reforzo educativo nas áreas instrumentais básicas para alumnado exento de Francés (1º, 2º ESO).</p> |
| Programas de enriquecemento curricular | Recóllese no XADE como EC. Afondamento nos contidos elaborada polo profesor/a da materia na que se detecta a necesidade. |
| Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar | -Recollido nas programacións didácticas. |
| Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso | -Recollido nas programacións didácticas. |
| Programas de habilidades e competencias sociais | Ver punto 5.1. i) |

4.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Son aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con NEAE que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse despois de seren esgotadas as de carácter ordinario por resultaren insuficientes.

| MEDIDA EXTRAORDINARIA | APLICACIÓN NO CENTRO |
|--|---|
| Adaptacións curriculares | Ver apartado 5.2. |
| Agrupamentos flexibles | De ser necesario, levarase a cabo o procedemento descrito no art. 56 da orde do 8/09/21. |
| Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe | Ver apartado 5.2 c) e apartado 6. |
| Flexibilización da duración do período de escolarización | De ser necesario, levarase a cabo o procedemento descrito no art. 58 da orde do 8/09/21. |
| Programas de diversificación curricular | Establecemos 1 grupo desde o curso 2022-23. Condicionado ás necesidades detectadas e aos recursos persoais do centro. |
| Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente | De ser necesario, levarase a cabo o procedemento descrito no art. 62 da orde do 8/09/21. |
| Atención educativa ao alumnado menor sometido a medidas de responsabilidade penal | De ser necesario, levarase a cabo o procedemento descrito no art. 63 da orde do 8/09/21. |

| | |
|---|--|
| Atención educativa ao alumnado pertencente a familias itinerantes | De ser necesario, levarase a cabo o procedemento descrito no art. 64 da orde do 8/09/21. |
| Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro | -Avaliación inicial (se é necesaria, av. psicopedagóxica). -Plan de acollida (no centro e co grupo clase). -Adaptación de recursos se é necesario. |
| Grupos de adquisición de linguas | Seguindo o descrito no art. 68 da orde do 8/09/21. |
| Grupos de adaptación da competencia curricular | De ser necesario, levarase a cabo o procedemento descrito no art. 69 da orde do 8/09/21. |
| Atención educativa a mozas embarazadas | Art.70 da orde do 8/09/21. |

Para a atención do alumnado con NEAE seguiranse os protocolos pertinentes publicados pola Consellería de Educación. Do mesmo xeito, procuraremos beneficiarnos doutros programas ofertados pola mesma (PROA+, e outros).

5. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

5.1. MEDIDAS ORDINARIAS.

a) Creación de grupos:

Mantemos os seguintes criterios para a elaboración dos grupos:

- Paridade entre alumnas e alumnos.
- Grupos heteroxéneos.
- Medidas organizativas e curriculares procurando a óptima distribución para atender ás NEAE (reparto entre os diferentes grupos).
- Elección das materias específicas (modalidade, optatividade).

- Para o alumnado de 1º da ESO as medidas veñen determinadas pola información achegada polo seu profesorado de Primaria e o departamento de Orientación do centro de referencia.
- Para alumnado a partir de 2º da ESO as medidas determínanse en base a experiencia do curso anterior, os informes de avaliación e os informes do departamento de Orientación.
- No caso de irmáns no mesmo curso (e xemelgos de xeito máis específico), escoitarase á familia.
- Terase sempre en conta toda información de carácter confidencial que se achegue ao equipo directivo ou ao departamento de Orientación e que poida resultar de importancia para o adecuado desenvolvemento do grupo.

b) **Desdoblamento de grupos:**

Sempre que o centro dispoña de recursos persoais e espaciais suficientes, tendo en conta os seguintes criterios:

- Priorízase o desdoblamento de grupos naqueles cursos onde haxa un maior número de estudantes, un maior número de alumnado con NEAE, ou se teña constancia de problemas de convivencia que poidan afectar á adecuada atención do alumnado.
- Teranse en conta criterios organizativos do centro.
- Prioridade nas materias instrumentais (Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas).
- Os criterios anteriores de creación de grupos.

c) **Reforzo educativo:**

- Comprobarase se o alumno ou alumna tivo reforzo nesa materia en cursos anteriores para valorar a súa continuación.
- Cada profesor ou profesora valorará na avaliación inicial (e nas sucesivas avaliacións) se, dadas as dificultades da alumna ou alumno pode beneficiarse da aplicación desta medida.
- O RE reflectirase nos documentos oficiais de avaliación.
- Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, realizará un informe individual final dos reforzos educativos levados a cabo que será arquivado no centro.

d) **Reforzo de profesorado con dispoñibilidade horaria:**

- Asignarase ao profesorado que teña horas dispoñibles.

- Apoiarase ao conxunto da aula.
- Priorizarase que o profesorado realice os reforzos en materias dun ámbito afín ao seu.
- Priorizarase a aplicación desta medida nos grupos cun maior número de alumnado con NEAE.
- No caso de ser necesario, por falta de persoal, realizarán gardas de aula nesas horas.

e) **Exención de 2ª Lingua estranxeira con reforzo educativo nas áreas instrumentais básicas (1º e 2º ESO).**

Revisarase a resolución coas instrucións do curso en vigor. Segundo a Resolución do 6 de xuño de 2023 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa:

- Poderá quedar exento da segunda lingua estranxeira o alumnado de 1º e 2º que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas.
- A decisión da aplicación desta medida será da dirección, tras oír á familia da alumna/o, e poderase tomar:
 - Nos primeiros días do curso.
 - Na sesión de avaliación inicial, o equipo docente poderá realizar propostas de exención ou de incorporación á materia.
 - No caso do alumnado que se incorpore ao centro procedente do estranxeiro ou de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia despois de iniciado o curso escolar e de realizada a sesión de avaliación inicial, o informe de proposta elaborárase, de ser o caso, a partir dos resultados da súa avaliación inicial.
- No centro teremos en conta os informes elaborados polos titores/as de 6º de EP para a exención en 1º de ESO (ver documento en anexo) e para 2º de ESO e alumnado repetidor, a proposta reflectirase na acta de avaliación final.
- Segundo a Orde do 6 de maio de 2023 que desenvolve o decreto 156/2022 o alumnado exento recibirá reforzo nas aprendizaxes naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades. No noso IES, establécense dúas horas de clases de reforzo en linguas e matemáticas (segundo as necesidades do alumnado).

f) **Programas de enriquecemento curricular:**

A realizar cando as NEAE da alumna ou alumno con altas capacidades o requiran.

Este programa pode aplicarse nunha ou varias materias e non consistirá nunha ampliación dos contidos senón nunha afondamento dos mesmos. O elabora o profesorado da materia co asesoramento do DO. O currículo de referencia é o do curso no que o alumno/a está escolarizado. Recollerase no xade (lupiña amarela) como EC.

g) **Plan de reforzo para o alumnado que pase de curso con materias sen superar:**

- Elabórase a principio de curso seguindo o modelo (ver documento no Anexo) e faise un seguimento trimestral

h) **Plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso:**

- Elabórase a principio de curso seguindo o modelo (ver documento no Anexo) e faise un seguimento trimestral.

i) **Programa de habilidades e competencias sociais:**

De conformidade co artigo 24 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, o departamento de orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Como programa de habilidades e competencias sociais seguirase o seguinte manual: **“Programa de reforzo de las Habilidades Sociales III” (Editorial EOS)**, centrado nos estilos de comunicación (asertiva, pasiva e agresiva), na autoestima etc.

Por outra banda e dada a importancia deste tipo de programas, traballámolo anualmente a través das titorías, de xeito que chegue a todo o alumnado do centro como medida preventiva e implementamos os equipos de alumnado axudante nos cursos de 1º ESO a 3º da ESO. Consideramos que a posta en práctica da empatía, da escoita activa e dunhas habilidades sociais asertivas na procura do benestar emocional dos iguais constitúen o mellor xeito de aprender e consolidar unhas adecuadas habilidades e competencias sociais. Procuramos a súa coordinación co equipo de dinamización da convivencia do IES.

5.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

a) **Adaptacións curriculares:**

- Dirixidas a alumnado con NEE (excepcionalmente a alumnado con NEAE).
- Medida especificada no Informe psicopedagógico, unha vez aplicadas outras MAD.
- Decisión de aplicación: nunha reunión convocada e coordinada por xefatura de estudos co equipo docente do alumno/a e a xefatura do departamento de orientación.
- Solicitud a inspección antes de finalizar novembro.

b) Agrupamentos flexibles:

Condicionado ás necesidades detectadas e aos recursos persoais dispoñibles no centro.

c) Apoio de profesorado especialista en PT/ AL:

- Recurso dirixido especialmente para alumnado con NEE, e excepcionalmente atenderá a outro alumnado con NEAE. Por regra xeral, priorizarase a súa intervención nos seguintes casos:
 1. Alumnado con NEE.
 2. Alumnado con Adaptacións Curriculares.
 3. Alumnado con NEAE.
 4. Priorizarase ao alumnado de cursos inferiores.
- Atención directa xeralmente dentro da aula ordinaria.
- Atención fóra da aula ordinaria de xeito excepcional, e deberá constar no informe psicopedagógico do alumno ou da alumna. Cunha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder a terceira parte dos períodos lectivos semanais. Nunca se desenvolverán en todas as horas da mesma materia. En grupos de máximo 5 alumnos/as.
- Se hai dispoñibilidade horaria, a persoa especialista de PT, dará apoio como profesorado con dispoñibilidade horaria aos grupos que o precisen.

d) Flexibilización do período de escolarización:

Cando se dean as circunstancias previstas na lexislación vixente.

e) Programas de diversificación curricular:

Condicionado ás necesidades detectadas e aos recursos persoais do centro. De darse as circunstancias para levar a cabo o programa, seguiranse os criterios establecidos na lexislación vixente. Esta medida propórase a través do consello orientador.

f) Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro:

Tras a avaliación inicial (de ser necesario a avaliación psicopedagóxica), valorarase a escolarización dun curso por debaixo (se ten un desfasamento curricular de dous cursos). De haber profesorado suficiente e capacidade organizativa, barallarase a posibilidade de incluír ao alumno ou alumna nun **grupo de adquisición de linguas** ou un **grupo de adaptación da competencia curricular**.

g) **FP Básica:**

Proporáse ao alumnado para a derivación á FP Básica seguindo os criterios establecidos na lexislación vixente.

5.3. RECURSOS MATERIAIS E ESPAZOS DO CENTRO.

No primeiro andar do IES atópanse a aula de orientación e a aula de pedagogía terapéutica. Nestes espazos custódiense os recursos e materiais do DO. A porta da aula de orientación é blindada dada a sensibilidade da información que manexa dito departamento.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

- **Equipo directivo:**

A súa función será impulsar o Plan de Atención á Diversidade e promover e garantir a súa aplicación a través da organización dos recursos persoais e facilitando recursos materiais.

- **Comisión de Coordinación Pedagóxica:**

Ofrece as directrices para a realización do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

- **Claustro**

Coñecerá o PXAD e levará a cabo as medidas propostas nel, podendo tamén realizar propostas de mellora.

- **Profesorado titor**

Actuará como figura de referencia para o alumnado e as familias do grupo de titorandos. Segundo a lexislación vixente, as seguintes son algunhas das súas funcións: facer un seguimento dos procesos de ensino-aprendizaxe para poder detectar posibles necesidades; coordinar as adaptacións curriculares do alumnado do seu grupo; facilitar a integración do alumnado e colaborar e coordinarse co profesorado do grupo, o resto de titores e o Departamento de orientación.

- **Xefatura do Departamento de Orientación:**

Entre as súas funcións atopamos as seguintes: participar no desenvolvemento de medidas de atención á diversidade e tomar as decisións sobre as medidas a adoptar co alumnado; realizar as avaliacións psicopedagóxicas necesarias; coordinar as accións do profesorado de apoio e ofrecer asesoramento ao equipo docente para a atención do alumnado con NEAE.

No desenvolvemento das súas funcións, no relativo á realización de informes, procurarase:

- Que sexan solicitados polas familias ou outros organismos coa suficiente antelación.
- Atendelos por orde de petición se o volume de traballo do DO o permite (sempre atendendo ao sentido común de acordo coa gravidade/urxencia do mesmo).

● **Profesorado especialista PT/AL:**

A atención do alumnado por parte da especialista de PT seguirá os criterios descritos no apartado 5.2 deste documento, de acordo co establecido na Orde do 8 de setembro de 2021.

Entre as funcións da PT atopamos as seguintes:

- Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na organización dos apoios.
- Prestar atención directa ao alumnado con necesidades, segundo a distribución proposta pola xefatura do DO á xefatura de estudos e autorizada pola dirección.
- Elaborar os programas de intervención do alumnado que atende.
- Colaborar na realización, seguimento e avaliación de adaptacións curriculares.
- Participar en actuacións que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.
- Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.
- Elaborar un informe individual de cada alumno ou alumna atendido.

Despois da avaliación inicial, realizará o programa de intervención para cada un dos alumnos e alumnas que atenderá (ver documento no Anexo).

Ao finalizar o curso (apoiándose nos informes individuais finais), realizará unha memoria na que se reflectan os seguintes aspectos: alumnado apoiado ao longo do curso en cada nivel; valoración da coordinación co profesorado das áreas apoiadas e co profesorado titor; valoración da repercusión das medidas de apoio e previsións para o curso seguinte e propostas de mellora. Esta memoria

entregarase á xefatura do DO para incluíla como anexo na memoria anual dese departamento.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

7.1. COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNAS.

- O **Departamento de Orientación** do IES realiza unha reunión mensual dos seus membros. A xefa do departamento, manterá unha coordinación semanal cos titores/as da ESO e co coordinador/a de benestar. O comezo de curso reunirase co equipo docente dos diferentes niveis para comunicar as NEAE do alumnado.
- Realízase mensualmente unha reunión da **Comisión de Coordinación Pedagóxica** para desenvolver todos os plans e medidas educativas que se leven a cabo no centro.
- Os **departamentos didácticos** reúnen para compartir criterios e establecer liñas pedagóxicas.
- Realízase unha **avaliación inicial** e e tres xornadas de **avaliacións trimestrais**, para compartir avances e detectar dificultades entre o alumnado.
- Celébranse reunións do **Claustro** de profesores e profesoras e do **Consello escolar**.
- O **Equipo directivo** favorece a realización de todas as coordinacións e promove a participación do claustro nas actividades e medidas propostas.

7.2. COORDINACIÓN CON CENTROS ADSCRITOS E DE ADSCRICIÓN.

A **coordinación co centro adscrito ao noso IES**, o CEIP da Torre-Illa, e co obxectivo de facilitarlle o tránsito ao alumnado, establecémosla nunha serie de fases:

Durante a **fase de pretransición** realizaremos as seguintes actividades:

Reunións conxuntas dos Departamentos de Orientación:

O Departamento de orientación do centro reúnese trimestralmente cos Departamentos de orientación dos centros con adscrición CEIP Torre Illa da Illa de Arousa e IES A Basella de Vilanova de Arousa, co fin de coordinar actuacións e unificar criterios, tanto académicos como organizativos.

Durante a **fase de cambio** realizaremos as seguintes actividades:

- 1 Visita ao centro para futuro alumnado:** Nesta xornada transmitirase ao alumnado a información sobre o funcionamento do centro para que a transición se realice cun sentimento de seguridade. Faise un percorrido polo instituto para coñecer as instalacións e para que xa o sentan como propio.
- 2 Charla de acollida para as familias:** A finais de maio/principios de xuño ou setembro/outubro convocase ás familias do alumnado de 6º da Ed. Primaria. Daráselles información relacionada co funcionamento en xeral, as normas e deberes a cumprir tanto polo alumnado coma polo profesorado, e outras cuestións que poidan xurdir das súas dúbidas.
- 3 Reunión de coordinación co centro adscrito:** a finais de xuño, rematadas as avaliacións, reuniranse as Orientadoras, PTs, titores/as de 6º EP e unha representación dos departamentos didácticos do IES. Nesta reunión recollerase a información precisa de cada alumno/a. A información confidencial a compartirán entre os departamentos de orientación na terceira reunión trimestral.

Durante a **fase de adaptación** levaranse a cabo actividades para o coñecemento mutuo do grupo, potenciando o bo clima afectivo e relacional. O titor é a figura esencial nesta etapa, debe ser o referente ao cal acudir ante calquera tipo de dificultades.

A coordinación co alumnado derivado desde outros centros realizarase fundamentalmente a través dos respectivos DO, procurando a súa asistencia ás charlas de acollida para alumnado e familias.

A coordinación co IES A Basella, centro ao que estamos adscritos para cursar bacharelato, establecemos a coordinación realizando as actividades seguintes:

- Reunións trimestrais dos DO no IES A Basella, ás que asistirá a xefa do departamento. Nestas reunións unificaranse criterios, tanto académicos como organizativos.
- Visita do alumnado ao centro. A información ofrecida estará relacionada co coñecemento da nova etapa, materias, modalidades, itinerarios, funcionamento e organización do centro, e outras cuestións que poidan xurdir das súas dúbidas.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

8.1. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS

A principio do novo curso, realízase unha reunión coas familias que comenza coa presentación e intervención do Equipo directivo e, continúa coa xuntanza dos titores e titoras coas familias do seu grupo de titorandos. Nesta reunión infórmase sobre o funcionamento do centro e establece as canles de comunicación co mesmo.

Ademais establécense canles de comunicación e coordinación coas familias a través das reunións que se realizan do Consello escolar, onde contan con representación. Tamén se mantén un contacto e colaboración constante coa ANPA do instituto.

A través de ABALAR móbil pódese facer un seguimento das faltas, xustificalas, solicitar titorías e recibir comunicacións por parte do centro, ou dos diferentes docentes.

Emprégase mensario para enviar un SMS ás familias para informar das faltas de primeira hora.

Os titores manterán una comunicación fluída coas familias para facer un seguimento dos seus fillos e fillas e crear lazos de colaboración. Como o resto do profesorado, contan no seu horario cunha sesión de atención a pais e nais, polo tanto sempre que o consideren poden solicitar unha reunión.

O Departamento de orientación tamén asesorará ás familias que o precisen. Conta no seu horario cunha sesión de atención a pais e nais, a ser posible, con previa cita.

8.2. CANLES DE COLABORACIÓN CON SERVIZO EXTERNOS AO CENTRO.

O departamento de orientación mantense coordinado cos servizos sociais do Concello e cos representantes do Servizo de Preservación familiar ou o Servizo de menores cando é preciso.

Igualmente mantén a adecuada colaboración cos especialistas correspondentes do EOE segundo as necesidades do alumnado escolarizados no centro e coa Rede de Acompañamento RAOGAL, entidades ás que solicita intervención cando as necesidades do alumnado así o requiren.

Por outra banda, o DO mantén colaboración con diversas entidades co fin de complementar as actividades docentes (charlas, conferencias, visitas, compartir instalacións, etc.) e dar apoio ao alumnado con necesidades sociais.

Estas entidades son:

- Centros educativos da zona: centro adscrito CEIP Torre Illa da Illa de Arousa, centro de adscrición IES A Basella de Vilanova de Arousa, CIFP Fontecarmoa, Salesianos, IGafa e outros centros da contorna.

- Concello da Illa de Arousa.
- Confraría de Pescadores da Illa de Arousa.
- Asociación BATA, de tratamento do Autismo
- Garda Civil.
- Cruz Vermella.
- Universidade de Santiago de Compostela.
- Universidade de Vigo.
- Centro Residencial Docente de Vigo.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

As medidas extraordinarias, xa recollidas neste plan, levaranse a cabo tras a correspondente avaliación psicopedagóxica do alumnado e tomando como referencia o que se estableza na lexislación vixente ao respecto. Para a aplicación destas medidas será necesaria a autorización do organismo correspondente.

Como protocolo de demanda de intervención do Departamento de Orientación seguiranse os modelos aportados no anexo:

- Demanda de intervención do Departamento de Orientación (profesorado).
- Demanda de intervención do Departamento de Orientación (familias).
- Autorización das familias para a intervención do departamento de orientación e/ou realización de avaliación psicopedagóxica.
- Documento conforme a familia recibe o informe psicopedagóxico.
- Autorización da familia para recibir atención por parte da especialista de Pedagogía terapéutica.
- Información ás familias da elaboración dunha adaptación curricular.
- Decisión da elaboración dunha adaptación curricular.

10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

Ao comezo de cada curso escolar, o DO elaborará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que se incorporará na Programación Xeral Anual. O equipo directivo velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria.

A finais de curso o DO elaborará unha memoria final. Que se incorporará á memoria anual do centro.

Realizarase a avaliación a través dos seguintes instrumentos:

- Informes de Pedagogía Terapéutica.
- Reunións do Departamento de Orientación. Na última reunión do departamento valorarase a súa actuación tendo en conta os seguintes ítems:
 - Avaliáronse correctamente as necesidades educativas do alumnado.
 - Informouse ao profesorado das necesidades educativas do alumnado.
 - Nas xuntas de avaliación inicial, decidíronse as medidas de atención á diversidade.
 - Adecuáronse as medidas de atención á diversidade ás necesidades avaliadas e ás características do alumnado.
 - Elaboráronse os informes de avaliación correspondentes (informes do profesorado, dos tutores/as, de orientación, etc.).
 - Informouse ás familias de todas as medidas e procurouse a súa colaboración.
 - Foron suficientes os recursos.
 - Cumpríronse os obxectivos do presente curso escolar.

ANEXO

LISTADO DE DOCUMENTACIÓN:

- Informe individual final de curso sobre as medidas de reforzo educativos (RE)
- Programa de intervención da especialista de Pedagogía Terapéutica.
- Informe individual final de curso sobre as medidas de apoio educativo (de PT)
- Plan de reforzo para alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar.
- Plan específico personalizado para o alumnado de ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso.
- Demanda de intervención do Departamento de Orientación (profesorado).
- Demanda de intervención do Departamento de Orientación (familias).
- Autorización das familias para a intervención do Departamento de Orientación e /ou realización de avaliación psicopedagóxica.
- Documento conforme a familia recibe o informe psicopedagóxico.
- Autorización para a coordinación con profesionais externos (Departamento de Orientación).
- Autorización da familia para recibir atención por parte da especialista de Pedagogía terapéutica.
- Información ás familias da elaboración dunha adaptación curricular.
- Decisión de elaboración dunha adaptación curricular.
- Documento de conformidade programa de diversificación curricular.
- Informe titorial para a exención da 2ª lingua estranxeira.